



CONCELLO DE REDONDELA

Exp.6117/2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

PRÓRROGA DO PRAZO LÍMITE PARA PARTICIPAR NO PREMIO VIADUTOS DE NOVELA 2020 POR MOTIVO DO COVID- 19

De acordo co disposto no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se decretou o estado de alarma, o cal fixa como obxectivo “protexer a saúde e a seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública”, co fin de lograr o máximo illamento da poboación como medida preventiva para conter a progresión do COVID-19.

De acordo co establecido no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, quedan suspendidos todos os termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Dado que o 25 de marzo o Pleno do Congreso autorizou a prórroga do estado de alarma ata as 00:00 horas do domingo 12 abril e que non se coñece con certeza se haberá máis prórrogas.

Tendo en conta que no apartado terceiro das Bases que rexen a Convocatoria do PREMIO VIADUTOS DE NOVELA 2020, se establece como data límite para recepción de orixinais o 31 de marzo de 2020.

Esta resolución ten como obxecto facilitar o acceso á convocatoria do PREMIO VIADUTOS DE NOVELA 2020, a todas aquelas persoas que desexen presentarse á mesma e se vexan afectadas por calquera circunstancia derivada do actual estado de alarma.

RESOLUCIÓN

Prorrogar os prazos de presentación de orixinais, recollidos no apartado terceiro das bases que rexen a presente convocatoria, cuxa data límite estaba prevista para o 31 de marzo, ata que finalicen as medidas adoptadas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se decretou o estado de alarma.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AATCDH9QQ67RZRFF57HFEN99HR | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1